

Resumo da *ORDE do 28 de maio de 2014 pola que se convocan axudas para a adquisición de libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial, en centros sostidos con fondos públicos, para o seu uso no curso escolar 2014/15.*

Artigo 2. Requisitos para ser beneficiario da axuda:

- a) Pai/Titor legal do alumnado matriculado en ESO e non repetir curso.
- b) Non estar incurso nas prohibicións recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- c) Ter unha renda per cápita igual ou inferior a 9000 €. (Ver o artigo 6 desta orde).

Artigo 3. Lugar e prazo de presentación de solicitudes:

1. A solicitude, o Anexo I, pódese obter na seguinte ligazón: <http://www.edu.xunta.es/web/gratuidadesolidaria> ou na secretaría do centro.

— A solicitude entregárase no centro e en soporte papel.

— Debe entregarse unha solicitude por cada alumno matriculado (polo tanto, se ó solicitante (pais, titores legais) ten máis dun fillo na ESO, debe presentar unha solicitude por cada fillo).

2. O solicitante será un dous pais ou titores legais.

3. Prazo de presentación de solicitudes:

— Do 25 de xuño ao 28 de xullo de 2014 (ambos inclusivos): alumnado que formalice a matrícula no prazo ordinario.

— Do 2 de setembro ao 2 de outubro de 2014 (ambos inclusive): alumnado que formalice a matrícula no prazo extraordinario.

Artigo 4. A documentación a achegar: (Copia para entregar e orixinais para verificar)

a) Copia do libro de familia onde figuren todos os membros da unidade familiar.

Se non se ten o libro ou a situación familiar, a **31 de decembro de 2012**, non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documento ou documentos acreditativos do número de membros da unidade familiar, tales como:

1. Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do causante.
2. Certificado ou volante de convivencia.
3. Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia que acredite a situación actual.

b) No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, ou do alumno igual ou superior ao 33% e inferior ao 65%, deberá presentarse un dos seguintes documentos que acrediten esta circunstancia en 31 de decembro de 2012.

1. Certificado emitido polo órgano competente do gra de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%.
2. Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez.
3. Documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

c) No caso de situación de violencia de xénero: documentación acreditativa.

Artigo 5. Contía das axudas.

ESO

— Familias monoparentais (1 só pai/nai/titor)

Renda per cápita (RPC) ata 6000 €: 180 €.

RPC ata 6000,01 ata 9000 €: 104 €.

— Resto das familias:

RPC ata 5400 €: 180 €.

RPC ata 5400,01 ata 9000 €: 104 €

Artigo 6. Renda per cápita familiar (RPC):

— Cálculase sumando as rendas (**suma dos recadros 455 e 465 da declaración do 2012**) das persoas computables que teñan ingresos e divídise entre o número de membros da unidade computables.

— Computarán por dous os membros da unidade familiar que figuren na solicitude cunha discapacidade igual ou superior ao 33%.

— A administración verificará estes datos. A solicitude inclúe a autorización expresa para realizar as comprobacións oportunas.

Artigo 7. Determinación da unidade familiar.

¿Como se determina a unidade familiar? **(A data de 31 de decembro de 2012)**

1. Conforman a unidade familiar:

- Os pais/titores non separados legamente.
- Os fillos menores de idade.
- Os fillos maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial.
- Os fillos solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar

2. Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade matrimonial entenderase polo pai/nai e todos os descendentes que convivan con eles e reúnan os requisitos do punto anterior.

(Outros casos ver artigo 7 da orde)